

DICIONARIO

CATEGORÍAS RELACIONADAS

Rapaconas

Vimos un verme peludo (véxase fotografía) e dixo Lila, que é da Rigueira, Xove (Lugo): "Ese bicho é un rapaconas".

E explicounos que cando era cativa ás rapazas dicíanlles que tiñan que ter moito coidado de non pasar por riba deles porque podían quedar peladas por abaixo.

Este becho, eiruga ou verme, tamén se chama rapacús en Marín segundo Eligio Rivas Quintas: □Lagarta, gusano peludo, clase de oruga que devora la hoja de ciertas plantas

Cambiando de medio, curiosamente, ao peixe rapante ou meiga tamén se lle chama *rapaconas* en Viveiro e *rapapelos* nas Rías Baixas.

E á estrela de mar chámanlle *rapaconas* en Laxe, e *rapacricas* en Rinlo (Fernández Rei 2002: 184). Di (Ríos Panise 1977: 14) que □posiblemente aludían a la práctica de raerse los pelos frotando la piel con ejemplares de esta especie□.

[Texto elaborado coa información facilitada por Manuel Miranda (no referido ao insecto) e á bibliografía que se cita]



BIBLIOGRAFÍA

FERNÁNDEZ REI, Francisco: «Do Ortegal ó Douro e de Fisterra ó Navia e ó Padornelo. Notas sobre léxico moderno da Gallaccia e do seu litoral», en *Dialectoloxía e léxico*. Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, Instituto da Lingua Galega, 2002, páx. 147-192.

RÍOS PANISSE, M^a C. (1977): *Nomenclatura de la flora y fauna marítimas de Galicia, I. Invertebrados y peces. Con anotaciones etimológicas de Antonio Santamarina*. Anejo 7 de Verba, Santiago de Compostela. USC.

RIVAS QUINTAS, Eligio (1978): *Frapas, contribución al diccionario gallego*, CEME, Salamanca.

COMENTARIOS ENVIADOS

Na zona de Baralla(Santiago de Pousada) tamén lle chamamos rapacarallas

Enviado por Xosé Manuel Becerra o 05/09/2017 ás 19:29:29

Boas! Na zona de Portomarín tamén teño escoitado outra variante:rapacarallas ou rapacarallos.Ademáis das eirugas parece que tamén se lle chama así ós dermápteros.

Enviado por Fusco o 02/12/2015 ás 0:47:35